

Saúde podal desde o día un

Neste artigo expoñemos algunhas das pautas máis importantes que debemos seguir para poder obter os mellores resultados de saúde podal desde os inicios dos nosos animais.



Juan José Sánchez López
Servizo de Podoloxía de Seragro SCG

Intentaremos ir dándolles resposta a algunhas das preguntas que adoitamos encontrar con máis frecuencia no campo para poder asentar unhas boas bases e que o animal chegue a adulto nas mellores condicións podais posibles e que sexa un animal produtivo para a granxa.

‘Benestar animal’ é un concepto que ultimamente estamos escoitando a diario e cada vez dáselle máis importancia no campo, porque, canto máis nos imos achegando a esas pautas que nos van esixindo ou aconsellando, tamén vemos que os animais van adquirindo mellor saúde en todos os aspectos.

A definición de benestar engloba que temos que proporcionarlles aos nosos animais bos alimentos, boas instalacións, con boas zonas de descanso e un bo trato para que estean sáns e sexan produtivos, pois, para que gocen sempre dunha boa saúde podal, só temos que seguir eses conceptos e levalos a cabo.

A saúde podal ten unha importancia fundamental para o benestar. Calquera proceso patolóxico impide un comportamento normal do animal, que, polo tanto, vai repercutir negativamente na produtividade e na reprodución. O sacrificio por coxeiras está considerado a terceira razón máis importante nas granxas leiteiras españolas, despois da fertilidade e a mastite.

PRINCIPAIS FACTORES QUE INFLÚEN NA SAÚDE PODAL

Son varios os factores que poden influír na saúde podal, pero neste estudo imos



centrarnos principalmente en tres que, na miña opinión, van ser os máis relevantes: instalacións e manexo, por unha banda e, pola outra, lesións clínicas (infecciosas e non infecciosas).

1. INSTALACIÓNS E MANEXO

Póñoas no mesmo punto porque penso que teñen que ir sempre da man; unha sen a outra non vai ter sentido, por iso falaremos delas sempre en conxunto e ímonos quedar con esta frase: “Un mal manexo vai invalidar unha boa instalación, pero un bo manexo pode darlle moito valor a unha mala instalación”.

Como aconsellas manexar as miñas xatas desde que nacen para que cheguen ao parto con boa saúde podal e non dean problemas no futuro?

Pois ben, para contestar a esta pregunta, imos dividir en tres fases a vida da xata, desde que nace ata que pare por primeira vez.

Fase 1: do nacemento á desteta

Imos denominar “fase 1” ao período que comprende desde o nacemento ata a desteta. Despois de saír do seo materno, os pés da xata están formados por unha cartilaxe branda, que está en proceso de converterse en capa córnea, polo que o ideal sería que o chan onde estea aloxada sexa o máis brando e seco posible, con materiais como palla, herba seca, serraduras etc., xa que, desta maneira, evitaremos traumatismos ou des-

gastes por fricción co cemento, que lles poden provocar algunha lesión, posto que eses pés aínda non están preparados para ese tipo de chans. Normalmente adoitamos aloxalas en boxes individuais para que non se mamen e telas máis controladas, pero coidado cos boxes de fabricación caseira, moito coidado cos cravos, grampas ou parafusos, pois moitas veces danse casos nos que se cravan onde non deben.

Nesta fase case non se contabilizan rexistros por coxeiras, porque, debido á pouca actividade física e ao peso do animal, é moi difícil que se produzan patoloxías e os poucos casos que se dan adoitan ser derivados do que falabamos antes: cortes en chapas, obxectos punzantes etc.; en resumidas contas, debido a unha mala instalación. Debemos ter moito coidado con todas estas cousas, porque unha lesión dese tipo pode afectar á mobilidade do animal para o resto da súa vida e incluso nun futuro provocarlle outras patoloxías ou mesmo o seu sacrificio.

Fase 2: animais de máis de tres meses

Esa cartilaxe da que falabamos antes xa está transformada en capa córnea; por tanto, xa está preparada para soportar máis peso e permitir que o animal se desprace por superficies máis duras e rugosas. Aínda que as superficies brandas seguirán sendo adecuadas, un tipo de chan máis duro permitiralles obter un pouco de desgaste e evitar un crecemento excesivo que nos puidese dar lu-

► COIDADADO COS BOXES DE FABRICACIÓN CASEIRA, MOITO COIDADADO COS CRAVOS, GRAMPAS OU PARAFUSOS, POIS MOITAS VECES DANSE CASOS NOS QUE SE CRAVAN ONDE NON DEBEN



gar a futuras deformacións ou mal crecemento e desenvolvemento físico. Cando a climatoloxía nolo permita, o ideal sería poder dispor de patios de exercicio exteriores ou leiras, porque así a súa actividade física sería maior e favorecería moito o seu crecemento. Os seus pés estarían sempre secos, limpos, cun desgaste natural idóneo e, ao mesmo tempo, estaríamos a previr enfermidades de tipo infeccioso, como é o caso da dermatite dixital (en diante, DD), ao non estar tanto en contacto coa humidade e os xurros como nos patios interiores.

Aínda que non son moitos os rexistros de patoloxías nesta fase, o animal vai adquirindo máis capacidade e peso, e xa empezan a aparecer os primeiros celos; por tanto, vai haber máis actividade física. Por mor disto, tamén comezan a sufrir algúns procesos patolóxicos case sempre de orixe infecciosa, como DD, colledizos etc. e outras veces por golpes, cortes ou picadas, que lles poden producir separacións de sola, que tamén van ser moi dolorosas.

Fase 3

Nesta fase a xovenca está a prepararse para o parto. A súa condición corporal e o seu peso son maiores,

polo que as instalacións tamén o deberán ser.

No lote de secas as instalacións teñen que adecuarse ao tamaño do animal, pois coas xatas pasa o mesmo. Segundo este crece, as instalacións tamén teñen que facelo.

Evitaremos amontoamentos con patios máis amplos e proporcionaremos-lles zonas de descanso, ben sexa con cubículos, sempre ben dimensionados, con suficiente material, cunha cama quente ou en finca exterior.

Con respecto ás instalacións, non sempre é o que nos atopamos nas granxas, porque non todos se poden permitir instalacións axeitadas, pero a finalidade ten que ser achegarse o máximo posible a todos estes parámetros.

Nesta fase normalmente o que máis se acostuma facer é xuntalas co lote de vacas para que vaian habituándose ao espazo, á comida e, ao mesmo tempo, van interactuando e socializando coas máis adultas, pero temos que ter en conta que as secas van ser as dominantes e, se teñen que competir por un sitio na cornadiza ou pola zona de descanso, van ser as que leven sempre as de perder. Por iso debemos evitar os amontoamentos e proporcionar-lles

suficiente zona de descanso para un maior benestar.

Na maioría dos casos o que se fai é aproveitar instalacións antigas para a recría, pero temos que valorar que igual deberíamos facer-lles algunhas modificacións e, nalgúns casos, pensar se sería unha opción, porque aínda que atopamos nalgúns granxas currais con grellas sen cubículos a tope de animais que non teñen sitio case nin para moverse ou deitarse, ou instalacións antigas de cadeas con pouca ventilación ou ningunha, que, ás veces, poden dar lugar a lesións que provoquen incluso o descarte do animal.

As xatas son animais en crecemento, por tanto necesitan moito espazo para unha maior actividade e desenvolvemento físico.

Temos que pensar que a recría é o futuro da granxa e debemos prestarlle un pouco máis de atención, porque normalmente témolas sempre en segundo plano; por iso é polo que na maioría dos casos, cando un gandeiro nos chama para ver unha xata, é porque xa está moi coxa e seguramente leva coxeando varios días, polo que os rexistros que temos nesta idade son na súa maioría de servizos de urxencia. ►



**Raiado
ou
salpicado**
de superficies de formigón



EVITA ESOS PISOS NOS QUE OS ANIMAIS CAMIÑAN CO MEDO DE ESCORRER. ⚠

643 056 723

raiaousalpica@gmail.com

Deberíamos facerlles recorte funcional ás xovenças antes do parto?

Na miña opinión, coa experiencia que temos e polo que nos din os datos do noso programa, a maioría dos problemas podais en xovenças adoitan ser de orixe infecciosa e poucas veces de casco, polo que moitos poderían ser evitados polo gandeiro mediante unhas boas rutinas de prevención, como é o caso dos baños podais. Por iso pensamos que na maioría dos casos non deberían ter que pasar polo poldro, xa que os problemas que se atopan non adoitan ser por falta de arranxo, senón por outras causas.

De todos os xeitos, debido á súa condición corporal e peso, na fase de preñez é cando se contabilizan máis problemas e en moitas ocasións entre o gandeiro e o podólogo temos que valorar a opción de facer recorte preventivo, xa que, debido ás instalacións onde se atopan, os apromos poden non ser adecuados e poderían necesitar un recorte antes do parto.

Cando sexa necesario facelo, os podólogos temos que ter en conta non só o sitio onde se atopan as xovenças senón o sitio onde van ir despois do parto, facendo un recorte adecuado ás instalacións nas que se van atopar.


Se as instalacións de produción nos van provocar demasiado desgaste, como cando temos cubículos de area ou patios recentemente raiados, un recorte inadecuado podería causarlles graves problemas podais ás xovenças; por iso debemos ser moi cautos nestes casos e analizar todos eses parámetros antes de efectuar o recorte.

2. PRINCIPAIS LESIÓNS CLÍNICAS


Que patoloxías adoitan producirse con máis frecuencia e cal sería a que máis nos afecta?

Para saber exactamente cales son as patoloxías que máis afectan nunha granxa, o primeiro que debemos facer é estar nun programa ou nun servizo que recolla datos, que sexa capaz de aconsellarnos e asesorarnos de maneira individualizada para os casos de cada granxa e, ademais, que teña os datos necesarios para comparar os datos dunha granxa cos doutros, como é o caso do servizo de podoloxía de Seragro, que xera unha gran cantidade de datos cada vez que entra un animal no poldro e ten a capacidade de analízalos para transformalos en información.

Gráfica 1. estudo sobre a incidencia de patoloxías (01.01.2019-31.06.2021)



Gráfica 2. Patoloxías analizadas no Programa de Seragro



Con esta información poderemos determinar a problemática de cada granxa e así tomar decisións máis axeitadas. A tecnoloxía axúdanos a ser máis eficientes. Se dispoñemos de datos, poderemos ter información e con información poderemos tomar decisións e resolver problemas.

Na gráfica 1 vemos un estudo realizado para valorar a incidencia de patoloxías. Analizamos os datos de 29 granxas desde o 1 de xaneiro de 2019 ata o 31 de xuño de 2021, 18 meses rexistrados cun total de 20.410 entradas a poldro, das cales resultou que case un 40 % dos animais rexistraban algún tipo de patoloxía.

Como se pode apreciar na segunda gráfica, o Servizo de Podoloxía de Seragro recolle un total de 16 patoloxías no seu programa, das cales imos analizar os datos das tres máis influíntes, posto que suman máis dun 70 % dos casos totais: úlcera, enfermidade da liña branca e dermatite dixital (DD). As patoloxías que tratamos con máis

frecuencia son estas tres, pero ollo, porque a relevancia de cada unha delas dependerá de cada etapa de vida do animal. Na terceira gráfica dividimos os datos en tres etapas: xatas, primíparas e adultas. Veremos que, por exemplo, a úlcera ten máis incidencia en adultas, cun 31,42 %, con respecto ás xatas e primíparas, que alcanzan un 17 e un 20 % respectivamente.

• Úlcera

A úlcera é unha patoloxía que está moi relacionada co peso do animal e, sobre todo, coa falta de descanso; por iso é polo que podemos deducir que as xatas teñen menos corpulencia, menos peso e están máis tranquilas sempre. Ningún as molesta, están “á súa bóla” todo o día. En cambio, as adultas son máis corpulentas, pesan máis e estámolas manexando continuamente, para a sala de muxido, para encher os cubículos, para facer a reprodución etc.; por iso é polo que as porcentaxes en adultas son maiores. ►►

Olvide las lesiones, las marcas por presión y el estrés y compruebe cómo los productos Cow-Welfare™ aumentan la salud y la producción lechera de sus vacas

Caserío Ugarte – Asteasu



Flex Stall™

- El diseño del cubículo abierto garantiza una salida segura y eficiente para las vacas
- La barra de cuello ajustable anima a las vacas a tumbarse más rápidamente al tocar un punto de origen nervioso en su cuello
- Los tubos a los lados del cubículo guían a las vacas a la posición correcta de descanso sin que se lastimen

Lopez Zolle SC – Paradela



Flex Feed™

- No es necesario un riel para el cuello
- Flexibilidad única de 30 grados
- Espacios de alimentación individuales
- Imita la posición natural para comer
- Las vacas comerán la misma cantidad de alimento en un periodo de tiempo más corto

Chancelas – Palas de Rey



Cows Breeze

- Tubo de ventilación que proporciona un flujo de aire constante en toda la cuadra
- Distribuye el aire a través de agujeros especialmente perforados en el tubo
- El tubo de ventilación puede reemplazar un sin número de ventiladores convencionales

SAT Gaigo – Meira



Latex Soft CHY

- Colchón inclinado con una pendiente de 3.6% incorporada
- Estructura de dos zonas que se ajusta al peso de la vaca
- Garantiza un alto nivel de comodidad

Contacte a nuestros distribuidores oficiales en España

GIPUZKOA



www.esnetech.com

618 33 16 48




COW-WELFARE™
Passion for your Cows

LUGO



info@sgmuina.com

659 67 78 09

Gráfica 3. Evolución das patoloxías en función dos lotes

► A DD É A ENFERMIDADE A TER MÁIS EN CONTA, PORQUE MOITAS DAS OUTRAS PODEN VIR DERIVADAS OU ESTAR RELACIONADAS CON ELA, COMO SER O CASO DOS COLLEDIZOS, EROSIÓN DO TALÓN, ÚLCERAS E SOLA POR MALOS APROMOS DEBIDO A DD ETC.



• Enfermedad de la línea blanca

A enfermedad de la línea blanca está máis relacionada coa interacción do casco co chan; raiados agresivos ou inclinación da sala de espera; doutra banda, obxectos punzantes, traumatismos, que se producen en momentos de moita actividade, sobre todo cando están en celo, que é cando máis casos se adoitan producir; por iso vemos que as porcentaxes son moi similares en calquera das 3 etapas, entre un 22 % e un 27 %.

Dermatitis digital (DD)

A DD é unha enfermidade de tipo infeccioso, por tanto contáxiase duns animais a outros e vai moi ligada á limpeza e á desinfección. Como se pode observar, a porcentaxe de DD en xatas alcanza case o 50 % de incidencia e a medida que imos pasando de etapa vai minimizando a súa incidencia ata chegar a case un 20 % en adultas.

Como se pode explicar esta diferenza? Ataca menos a DD en adultas que nas xatas? Por que as adultas teñen menos?

As xatas son animais en crecemento. A súa pel, a súa derme, aínda se está formando; por tanto, é máis vulnerable á entrada de microorganismos deste tipo, pero o que máis lles vai afectar non só

é iso. Como falabamos anteriormente, non lles prestamos a suficiente atención ás xatas e coa prevención actuamos igual. As adultas, como lles vai afectar á produción, facémolles unha rutina de baños e ímola cumprindo máis ou menos, pero coa recría non. No caso de que se lles faga, váiselles facer cando coincida, normalmente non adoita haber rutinas; por iso, as xatas van estar máis afectadas sempre, pois, como se pode advertir e como resposta á pregunta, a que leva a palma en recría e en primíparas é a DD e, segundo datos do noso programa, moitas delas son repetidoras, polo que chegamos á conclusión de que a DD é a enfermidade a ter máis en conta, porque moitas das outras poden vir derivadas ou estar relacionadas con ela, como pode ser o caso dos colledizos, erosión de talón, úlceras de sola por malos apromos debido a DD etc.

Dado que a DD é a principal problemática podal en xatas, que pautas de manexo me axudarían a atrasar a súa aparición ou a controlala?

Como xa dixemos anteriormente, a DD é unha enfermidade de tipo infeccioso e está moi relacionada principalmente coa falta de hixiene; por iso, os patios deberán estar

sempre o máis limpos e secos posible, cunha zona de descanso branda, seca e comfortable para que os animais pasen aí o maior tempo posible. Desesa maneira estaremos a evitar o contacto cos xurros e os seus pés estarán máis secos e limpos. Segundo varios estudos publicados sobre esta enfermidade, un animal contaxiado con DD arrastrará a doenza para sempre, polo que de nós dependerá a súa prevención coa insistencia de baños para frear o seu grao de actividade e dor. Aínda que un animal sexa portador de DD mentres esta estea desactivada, non lle causará dor ao animal nin contaxiará outros individuos; de aí a insistencia de limpeza e desinfección de patios e cubículos, cunha adecuada rutina de baños.

Nas dúas imaxes podemos diferenciar cando unha DD está activada con signos de actividade e dor, e cando está desactivada porque xa foi tratada anteriormente e xa non lle causará dor ao animal.

Cal sería un bo deseño de baño e como manexalo?

Os baños podais deberán estar colocados en lugares de paso obrigado con

► PARA SABER EXACTAMENTE CALES SON AS PATOLOXÍAS QUE MÁIS AFECTAN NUNHA GRANXA, O PRIMEIRO QUE DEBEMOS FACER É ESTAR NUN PROGRAMA OU NUN SERVIZO QUE RECOLLA DATOS

lugar idóneo para poñer a bañeira non é tan complicado e con pouco traballo e pouco investimento poderemos instalar un pediluvio funcional, manexable e para poder pór e sacar con facilidade. Hai que ter en conta que canto máis estreito, as vacas pasarán máis amodo e gastaremos menos produto.

Que produtos podo utilizar e con que frecuencia debo poñelo?

Hai moita diversidade de produtos no mercado e todos poden ser válidos; o importante é facer un bo manexo e utilizar as composicións adecuadas. As dosificacións terán que ser acordes con cada produto, estipuladas polo seu fabricante. Non hai unha frecuencia estipulada para a rutina de baños, en cada granxa será diferente. Primeiramente deberemos facer unha exploración visual técnico-gandeiro. Se a incidencia é grave, deberán pasarse polo poldro e desactivar esas DD con tratamentos tópicos, seguidamente implantaremos unha rutina de baños máis ou menos agresiva e, segundo os resultados, reforzaremos ou a minimizaremos. Se a incidencia non se ve moi grave, pasaremos directamente a unha rutina de baños acondicionándonos aos resultados.

Que importancia ten a alimentación para a saúde?

Non somos especialistas en nutrición, por tanto non nos compete esta parte, polo que só vou facer un pequeno inciso. A alimentación é unha parte importantísima para o bo funcionamento dunha granxa. Como podólogo, só podo dicir que os alimentos teñen que ser de calidade e estar en bo estado. A calidade e o manexo do alimento van ser claves para a prevención de coxeiras metabólicas como a laminite. O nutrólogo vai ser o encargado de xestionar esta parte, por iso é moi importante ter sempre interacción cos demais técnicos da

granxa, desta maneira poderemos transmitirle o que nos ofrecen os nosos datos para que eles valoren e tomen as súas decisións.

Segundo as nosas achegas, tamén vai ser máis eficiente o seu traballo e así todos contribuíremos ao bo funcionamento da granxa. Para o nutrólogo, para o reprodutivo, para o xenetista, mesmo para o técnico de xestión... para calquera técnico da granxa. Nós tamén temos que conseguir que o gandeiro gañe diñeiro co noso traballo, debemos ser sempre unha solución, non un problema.

CONCLUSIÓN

- Inclúan as xatas nas súas rutinas diarias, préstennles máis atención. Cando inspeccione as vacas, inspeccione as xatas tamén e proporciónenlles un aloxamento seco, limpo e apropiado para un maior benestar.
- Aplique unha boa rutina de baños nos lotes de xatas. Hai que buscarlles unha boa localización e non se necesita gastar moito diñeiro.
- Incorporen nas súas granxas un servizo de podoloxía e que este conte cun programa de recollida de datos con técnicos ben formados, que lles dean importancia e intérpretenos ben para previr e buscarlles solucións aos problemas podais dos seus rabaños.
- Como se adoita dicir, apertar un parafuso non é complicado, o complicado é saber cal é o parafuso que hai que apertar... e lembren: a recría é o futuro da granxa. ■

bo acceso para que os animais pasen tranquilos e metan os 4 pés sen opción a escaparse; por iso ha de ser un paso estreito e cunha composición de produto adecuada. Unha medida ideal para unha bañeira sería ao redor dos 3,50 a 4 metros de longo. Iso permitiríalles mergullar os pés polo menos tres veces ao seu paso por ela e ao redor de 50 cm de ancho con paredes inclinadas aos lados para que os animais non poidan evitar pasar con algún dos seus pés e, ao mesmo tempo, que pasen amodo e que non se derrame para fóra o produto. De altura, podería estar sobre os 10-15 cm de líquido, para que o pé se mergulle por completo e o produto poida acceder mellor a todas as súas partes. Buscar un

RAYADO Y PICADO de pasillos de establos

Marcos Villamide:

626 096 129

